



Concello de Oza-Cesuras

EDICTO CONSULTA PÚBLICA PREVIA

Este concello considera necesario que se proceda ao establecemento dunha ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

Co obxectivo de garantir a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango regulamentario, e en cumprimento do disposto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas – LPACAP - con carácter previo á elaboración da Ordenanza, debe substanciarse unha consulta pública previa para recabar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas que potencialmente se poidan ver afectados pola futura norma sobre unha serie de aspectos como son os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma e as posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

En consecuencia, sométense a consulta pública previa á elaboración da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana os seguintes aspectos da mesma:

Trátase dun dos impostos coñecidos como “potestativos”, conforme ao contido do artigo 59.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais - TRLRFL- que precisa “...os concellos poderán establecer e esixir ... o imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, de acordo con esta Lei, as disposicións que a desenvolvan e as respectivas ordenanzas fiscais”

Es imposto ven regulado nos artigos 104 a 110 do TRLRFL, onde queda configurado como “un tributo directo que grava o incremento de valor que experimenten ditos terreos e se poña de manifesto a consecuencia da transmisión da propiedade dos terreos por calquera título ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os referidos terreos”

a) Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa:

O concello de Oza-Cesuras realizou un forte esforzo inversor dotando a todos os lugares e parroquias de infraestruturas entre as que destacan, a pavimentación mediante aglomerado das vías municipais de acceso aos núcleos de poboación, o abastecemento domiciliario de auga potable, as redes municipais de evacuación de augas residuais e a súa depuración, a iluminación pública eficiente dos distintos lugares, a contrucción de beirarrúas e sendas peatonais, a construcción de locais sociais e posta en valor de zonas públicas de esparcemento a disposición dos veciños.





Concello de Oza-Cesuras

Todos estos investimentos redundan en beneficio dos propietarios dos terreos de solo urbano, urbanizable e de núcleo rural, producindo un notable incremento de valor dos ditos terreos.

O principio de contribución ao sostemento dos gastos públicos, para que o municipio participe nos beneficios xerados como consecuencia dos investimentos anteriormente citados, esixe o establecemento do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana e o sometemento a gravame os incrementos de valor que se poñan de manifesto como consecuencia da transmisión da propiedade dos terreos que deban ter a consideración de urbanos e cos que se obteña un beneficio material monetario.

Nembargantes, ao obxecto de evitar o desembolso económico que supón para aquelas persoas que reciben o ben sen obter un beneficio material monetario, se ten a vontade de bonificar a cota do imposto nun 95 por cento.

b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación:

Trátase dun dos impostos coñecidos como “potestativos”, conforme ao contido do artigo 59.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais - TRLRFL- que precisa “...os concellos poderán establecer e esixir ... o imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, de acordo con esta Lei, as disposicións que a desenvolvan e as respectivas ordenanzas fiscais”.

Es imposto ven regulado nos artigos 104 a 110 do TRLRFL, onde queda configurado como “*un tributo directo que grava o incremento de valor que experimenten ditos terreos e se poña de manifesto a consecuencia da transmisión da propiedade dos terreos por calquera título ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os referidos terreos*”

Polo tanto, tendo en conta o forte esforzo inversor levado a cabo polo concello de Oza-Cesuras dotando a todos os lugares e parroquias das infraestruturas indicadas, resulta necesario, conveniente e oportuno o sometemento a gravame do incremento de valor posto de manifesto como consecuencia da transmisión da propiedade dos terreos que deban ter a consideración de urbanos cando da mesma se obteña un beneficio material monetario.

c) Obxectivos da normativa:

Grabar o incremento de valor que experimenten os terrenos que deban ter a consideración de urbanos e que se pon de manifesto como consecuencia da transmisión





Concello de Oza-Cesuras

da propiedade sempre que conleve un beneficio material monetario.

d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias:

Non se detectaron outras solucións alternativas regulatorias ou non regulatorias que poidan substituír os efectos da ordenanza reguladora que se pretende establecer.

Durante os dez días hábiles seguintes á publicación do presente edicto, os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren, poderán presentar as súas opinións neste concello.

Oza-Cesuras, na data que figura na sinatura electrónica.

O Alcalde

Asdo./ José Pablo González Cacheiro

